

Benqueridas familias,

Esperamos que pasarades un bó verán. Mañá comeza un novo curso adaptándonos á nova normalidade.

Antes do comezo do curso queremos darvos unhas pequenas informacións a tenor dos servizos que xestiona o Anpa.

O servizo de comedor e madrugadores empeza mañá día 8 de setembro con horario normal.

O servizo de **madrugadores será de 8:00 a 9:00 horas**, os que acudan ó mesmo deben entrar **pola porta pequena lateral**. As 9:00 horas a monitora da empresa Jardanay será a encargada de levar os nenos ó colexio.

O servizo de **comedor vai dende as 14:00 as 16:00 horas**. A recollida dos nenos será **pola porta grande do patio entre as 15:45 e as 16:00 horas**. Para ir ó comedor serán as monitoras as encargadas de levar os nenos dende o colexio.

Para os nenos que acudan ó servizo de **madrugadores deben levar unha muda completa** para deixar no comedor, os nenos que só acudan a comedor non é preciso porque as monitoras este ano poden entrar á escola a coller a que teñan na clase.

Os nenos que acudan de forma **esporádica ó servizo** de madrugadores ou comedor deben **poñerse en contacto ca empresa Jardanay** directamente o día anterior para comunicalo.

Este ano tamén se retoma o **cepillado dos dentes** despois das comidas, polo que cada nen@ debe levar un neceser co seu cepillo e a súa pasta de dentes, todo perfectamente marcado co seu nome.

Acordarvos tamén de, se tedes necesidade, **de autorizar a terceiras persoas** para a recollida dos nen@s a través da páxina de Jardanay.

Informar tamén de que o programa que se ofertou para o mes de setembro de **Conciliaxogos non vai ser posible levalo a cabo, xa que só houbo 3 solicitudes.**

Respecto as actividades extraescolares esperamos poder trasladarvos a oferta definitiva a semana que ven para que podades facer as inscricións. Estamos á espera de que unha empresa nos mande o enlace para facer a inscrición e de que o instituto nos confirme se temos dispoñibilidade do pabillón.

Recordamos que para ter acceso a todas as actividades ou **servizos xestionados pola Anpa é preciso ser soci@ da mesma.**

Como sempre estamos para calquera dúbida a través do correo ou whatsapp.

Feliz comezo de curso, unha aperta

En A Coruña a 7 de setembro de 2022

ANPA SARDIÑEIRA

DE LA ESCUELA INFANTIL Y

EDUCACIÓN PRIMARIA JOSÉ CORNIDE